

# TRISTRISTIGRIS

Un trabametes esmendrellante



⚙️ MIGUEL BUSTILLO

✍️ MARÍA EIRIZ

## COMPOÑENTES

---



53 cartas de trabalinguas



7 cartas de trigal

## OBXECTIVO DO XOGO

---

Debes xerar unha cadea fluída coas palabras **“Tres-tristes-tigres”**, que se suceden sen parar. Se alguén se equivoca penalízasele coas cartas descartadas polo resto. Gaña a partida quen antes quede sen cartas.

## PREPARACIÓN

---

Baralla as 60 cartas de xogo e repárteas todas de xeito equitativo entre as persoas que xogan. Cada quen toma as súas cartas e, sen miralas, forma con elas un mazo que coloca cara a abaixo.

Na primeira rolda comeza a persoa que sexa capaz de dicir máis rapidamente o trabalinguas sen trabucarse ou cometendo menos erros que o resto. Nas seguintes roldas comezará quen se trabucara na rolda anterior. Supoñamos que comezas ti:

- Dá a volta á carta superior do teu mazo con rapidez e sen dubidar. Voltea a carta cara a fóra, de xeito que non poidas vela antes que o resto.



- Inmediatamente coloca a carta cara a arriba no centro da mesa dicindo a parte do trabalinguas que corresponda e formando, así, a pila dos descartes.
- A continuación, será a quenda da seguinte persoa en sentido horario, que fará o mesmo, deixando a súa carta sobre a pila de descartes comezada por ti.

Deste xeito sucederanse as vosas quendas ata que alguén cometa un erro ao dici-la súa parte do trabalinguas, ou ben ata que alguén esgote as súas cartas.

## MODO BÁSICO

---

### 1. A orde do trabalinguas

Debedes continuar, sempre que poidades, a seguinte serie de palabras: **Tres-Tristes-Tigres**. É dicir, se ti dis “tres”, a seguinte persoa dirá “tristes”, sempre que poida. Se alguén di “tigres”, a seguinte persoa deberá dicir, se é posible, “tres”, reiniciando a serie.

Con todo, que poidas ou non dici-la palabra que che toca na túa quenda dependerá dos elementos que figuren na carta que saques.

As cartas de trabalinguas mostran combinacións de **tres elementos diferentes**: feixes de **trigo, bágoas, e tigres**. Explicaremos as cartas de trigal un pouquiño máis adiante.

Para poder dicir cada unha das palabras da serie, deben cumprirse as seguintes condicións:

- Para poder dicir **“tres”**, na carta que saques deben aparecer **3 figuras do mesmo tipo, xa sexan tres trigos, tres bágoas ou tres tigres.**

TRES



Trigo



Bágoas



Tigres



- Para poder dicir **“tristes”**, na túa carta deben aparecer, **polo menos, 2 bágoas.**

TRISTES



- Para poder dicir **“tigres”**, na túa carta debe aparecer, **polo menos, 1 tigre**.

**TIGRES**



Resumindo, e para que sexa máis doado de lembrar, cómprenche **3 elementos do mesmo tipo** para dicir “tres”, **2 bágoas** para dicir “tristes”, e **1 tigre** para dicir “tigres”. É a regra do 3-2-1.

**Se non podes continua-la serie na orde establecida, debes saltar á seguinte palabra que a túa carta che permita dicir.** Por exemplo, se despois de “tres” non podes dicir “tristes”, terás que dicir “tigres”, e se non podes dicir “tigres”, entón terás que dicir “tres”.

Bota unha ollada ao exemplo da páxina seguinte para velo máis claro:

Lembra que estas imaxes son só un exemplo ilustrativo, e que as cartas xogadas deben colocarse no centro da mesa formando unha pila de descartes, sen que se vexa a carta anterior.

Exemplo:



## 2. As cartas de trío

Se sacas unha carta de trío, **debes dicir sempre "trío"** ao colocala no centro da mesa.

Cando ocorre isto, a **seguinte persoa reinicia a cadea de palabras dende “tres”,** sen importar en que palabra se atopase a serie antes de que aparecese a carta. Ademáis, **deberedes face-la serie empregando a vogal indicada na carta de trigel.**

### Exemplo con cartas de trigel:





Coa letra "a" a serie será "tras-trastas-tagras", coa "e" "tres-trestes-tegres", coa letra "i" "tris-tristis-tigris", coa "ou" "tros-trostos-togros" e coa "ou" "trus-trustus-tugrus".

**O efecto da carta de trisal mantense ata que remate a rolda ou ata que apareza unha nova carta de trisal**, que determinará unha nova vogal. Cando aparece unha nova carta de trisal quedan invalidados os efectos das cartas de trisal anteriores.

### **3. Fin de rolda e partida**

**A rolda remata cando alguén se trabuca**, se di unha palabra incorrecta, se dubida, se tarda de máis en dici-la palabra... É recomendable que antes de comeza-lo xogo decidades que cousas consideraredes erróneas.

Nese momento, quen cometese o fallo **queda con tódalas cartas descartadas nesa rolda e terá que engadilas á parte inferior do seu mazo**. Despois comeza unha rolda nova, sendo a persoa penalizada a primeira en sacar carta e inicia-la cadea de palabras.

**A partida remata cando alguén queda sen cartas.**

**Importante:**

- Se alguén se trabuca pero ninguén se decata do erro cando se está cometendo, o xogo prosegue.
- Se alguén detén a partida porque cre que outra persoa se trabucou e se demostra que non foi así, ou se alguén sinala un erro cando a quenda de quen o cometa xa pasou, a persoa que detivese a partida leva o mazo de descartes e comeza unha rolda nova.



## MODOS DE XOGO ADICIONAIS

---

### Modo Albino

Cando saques unha carta cun **tigre albino** a cadea de palabras continúa coma de costume, pero **cambia o sentido das quendas**. Isto significa que despois de ti tocará de novo á persoa anterior.




En partidas a dúas persoas, quen saque a carta co tigre albino deberá repetir quenda.

### Modo Trigo

Na serie introdúcese unha nova palabra, "trigo":  
**"Tres-tristes-tigres-trigo"**.

**Para poder dicir "trigo", na carta debe aparecer, polo menos, 1 trigo.** Cando apareza a carta de trival e, segundo a vogal que indique, dirase "traga", "tregue", "trigui", "trogo" ou "trugu".

## Exemplo do modo Trigo:



## Modo Trauma

Se a cor de fondo/o marco da carta que pos enriba da mesa coinciden cos da carta anterior, no canto de segui-la serie **debes repeti-lo que dixese a persoa precedente cando xogou a súa carta**. A seguinte persoa continuará a serie onde ti a deixaches, agás que o fondo/marco da súa carta tamén se repita. Moito ollo co fondo!

### Exemplo do modo Trauma:



## Modos Mixtos

**Combina dous dos modos adicionais** como prefiras para aumentar aínda máis a dificultade do xogo:

- **Modo Retrótrigo:** combina o modo Albino e o modo Trigo
- **Modo Traumátrigo:** combina o modo Trigo e o modo Trauma
- **Modo Retrotrauma:** combina o modo Trauma e o modo Albino

## Modo Completo Retrotraumátrigo

**Combina os tres modos adicionais** (Albino + Trigo + Trauma) para garantir unha experiencia de xogo 100% trabamentos. Só para amantes do risco. Non nos responsabilizamos de posibles escordaduras cerebrais!

Sabes? Temos aínda máis modos de xogo  
na nosa páxina web.  
Ocorréseche algún máis? Cántanolo!